

PONTEAREAS**A N U N C I O**

Ao non producirse reclamacións contra a aprobación inicial de diversas ordenanzas ,aprobado pola Corporación Municipal en sesión plenaria do 20 de novembro de 2012 quedan elevados os acordos a definitivo, cuos téxtos íntegros son os seguintes:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL
(COMPROBACIÓN) RESPECTO DAS ACTUACIÓNS COMUNICADAS EN MATERIA DE URBANISMO
E DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS COMERCIAIS ÁS QUE SE REFIRE O ART. 3.3
DO RD-LEI 19/2012, DE 25 DE MAIO.**

ARTIGO 1 NATUREZA E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 20 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola intervención municipal (comprobación) respecto das actuacións comunicadas en materia de urbanismo e das obras de acondicionamento de locais comerciais ás que se refire o art. 3.3 do RD-Lei 19/2012, de 25 de maio, dacordo coa “Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de ponteareas, reguladora dos procedementos de comunicación previa e declaración responsable para prestación de servizos, instalacións e apertura de establecementos comerciais e actividades inocuas, cambios de titularidade e licenzas para obras e instalacións menores por actuación comunicada”, e de conformidade co previsto nos artigos 20.4.h) e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

ARTIGO 2 FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito impoñible da taxa a realización das actividades administrativas de control e comprobación, tanto técnicas como administrativas, nos supostos nos que a esixencia de licenzas urbanísticas fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, dacordo co art. 20.4 h) do TRLRFL e restante normativa de aplicación, e co obxecto de determinar se as obras comunicadas ou declaradas que se pretenden realizar se axustan ás determinacións da normativa urbanística, o planteamiento urbanístico e as ordenanzas municipais.

Quedan incluídas no feito impoñible da taxa a realización das actividades administrativas de control e comprobación, tanto técnicas como administrativas, respecto das actuacións comunicadas en materia de urbanismo e das obras de acondicionamento de locais comerciais ás que se refire o art. 3.3 do RD-Lei 19/2012, de 25 de maio, dacordo coa “Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de ponteareas, reguladora dos procedementos de comunicación previa e declaración responsable para prestación de servizos, instalacións e apertura de establecementos comerciais e actividades inocuas, cambios de titularidade e licenzas para obras e instalacións menores por actuación comunicada”.

ARTIGO 3 SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Dacordo cos artigos 35 e 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, son suxeitos pasivos desta Tasa, en concepto de contribuintes e, por tanto, obrigados tributarios, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan propietarios ou poseedores ou, se é o caso, arrendadores dos inmobles en que se realicen as construcións ou instalacións, ou se executen as obras.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuinte os constructores e os contratistas das obras.

3. En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria se estará ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base imponible, que en todos os casos coincidirá coa base liquidable, o presuposto de construción, instalación ou obra a realizar agás o disposto no apartado B do artigo seguinte:

ARTIGO 5. CUOTA TRIBUTARIA

1. Cando a intervención municipal realízase mediante comunicación previa ou declaración responsable e comprobación posterior, a cuota tributaria será a que resulte de aplicar á cuota tributaria obtida de acordo co seguinte:

A:

- 1) Licenzas de obra menor e proxectos de urbanización:
1,066% sobre a base liquidable, cunha cuota mínima de 33,02 euros
- 2) Licenzas de obra maior:
0,1066% da base liquidable, cunha cuota mínima de 33,03 euros.

B: Outros servizos:

- Alineacións e rasantes, por m.l.: 7,38 euros.
- Inspección de obras que se practiquen a instancia de parte o causa de expediente contradictorio, por unidade: 58,61 euros.
- Inspección de actividades que se practique a instancia de parte, por unidade 17,26 euros.
- Licenzas de parcelación urbanística, por cada parcela resultante 48,81 €.
- Transmisión de licenzas, 39,16 €.
- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo o prezo do anuncio na prensa), 305,78 €.
- Licenzas de primeira ocupación. Por planta e calquera que fora o uso da mesma, 0,58 €.
- Solicitud de declaración de ruina, 261,13 €.
- Solicitud de tramitación de figuras de planeamento de iniciativa
Particular: a cuota a satisfacer será a resultante do seguinte cálculo:
(superficie do solo en m² x proposta edificable x 0,068 €/m²) +
(superficie do solo en m² x 0,034 €/m²).
Si o resultado da aplicación das taxas previstas neste artigo fora inferior a 34,10 €, prevalecerá este importe como cuota mínima.

2. Cando a actuación estea suxeita a comunicación previa ou declaración responsable, si a desestimación se formula antes de que o Concello haia practicado a visita de comprobación, se devolverá íntegramente ao contribuinte o importe da taxa. De outra maneira non se devolverá ningún importe.

ARTIGO 6. BENEFICIOS FISCAIS

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exención da taxa

ARTIGO 7. ACREDITACIÓN. DEVENGO.

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible conducente a determinar se o establecemento reune as condicións esixibles. A estos efectos se entenderá iniciada dita actividade municipal na data de presentación da oportuna declaración responsable ou comunicación previa.

2. Cando as obras se houberan iniciado ou executado sen ter formulado a declaración ou comunicación previa correspondente, a taxa se acreditará cando se inicie efectivamente a actividade municipal que leve a determinar si a obra en cuestión é autorizable ou non, independentemente do inicio do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización destas obras ou súa demolición, no caso que non foran autorizables.

3. Unha vez nacida a obriga de contribuir, non lle afectarán en ningún caso, súa concesión condicionada á modificación do proxecto presentado, nin a renuncia ou desestimación do solicitante despois de se lle houbera practicado a visita de comprobación.

ARTÍGO 8. DECLARACIÓN

1. Coa declaración ou comunicación previa de que se trate para aqueles actos en que non se esixa a redacción dun proxecto subscrito por técnico competente, se achegará á solicitud de un presuposto das obras que se vaian realizar, cunha descripción detallada da superficie afectada, dos materiais que se vian utilizar e en xeral das características e datos da obra ou instalación que permitan comprobar seu coste.

3. Si unha vez feita a correspondente declaración responsable ou comunicación previa, se modificase ou ampliase a actuación comunicada, será necesario notificalo á administración municipal, achegando o novo presuposto ou o reformado e, si é necesario, planos e memorias da modificación ou ampliación.

ARTÍGO 9. RÉXIME DE DECLARACIÓN E DE INGRESO

A presentación da declaración responsable ou comunicación previa leva consigo a presentación dunha autoliquidación conforme aos datos declarados polo solicitante. A estes efectos, cando se presente a solicitud que inicie a actuación ou o expediente se cumprimentará tamén debidamente o impreso de autoliquidación. O interesado terá que adxuntar á solicitud a acreditación de haber efectuado o pago da taxa.

As autoliquidacións practicadas conforme os datos declarados polo solicitante terán a consideración de provisionais, e poderán ser comprobadas pola Administración municipal.

(Dita autoliquidación será obxecto de comprobación polo Concello unha vez que se houberen realizado as actuacións de control, emitíndose unha liquidación complementaria no caso de que fora necesaria.) As liquidacións practicadas no procedemento inspector tras a comprobación e investigación terán carácter de definitivas.

ARTIGO 10 INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL (CONTROL A POSTERIORI) RESPECTO DOS PROCEDIMENTOS DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS, APERTURA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E ACTIVIDADES INOCUAS E CAMBIOS DE TITULARIDADE

ARTIGO 1 NATUREZA E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 20 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este